

**AS “PRAZAS DE ALTA ESPECIALIZACIÓN”,
O CONCURSO DE TRASLADOS, E A
POSICIÓN DA CIG-SAÚDE.
Información da Xuntanza do 21/05/2007 da
Comisión de Seguimento do Plan de
Estabilización e da OPE-2006 de FEAs.**

★ CIG-Saúde ten explicado claramente, e polo miúdo, a súa posición diante da proposta do SERGAS de darlle un tratamento especial a algunhas das prazas de FEAs que na actualidade están ocupadas por interinos e que saíran convocadas no Concurso de Traslados e na OPE de FEAs. Na argumentación do SERGAS, a “continuidade asistencial” podería verse comprometida no caso de que, como consecuencia do Concurso de Traslados ou da OPE, os interinos correspondentes tiveran que cesar nesas “Prazas de Alta Especialización”.

Diante da formulación abstracta do problema, e sempre deixando moi claro que a nosa posición definitiva dependería da análise da proposta concreta que o SERGAS ía facer, CIG-Saúde e os demais sindicatos da Comisión de Seguimento, manifestamos o noso acordo inicial coa necesidade de garantir a continuidade asistencial e, en consecuencia, coa posibilidade de que esas “Prazas de Alta Especialización” recibiran un tratamento especial de cara ao Concurso de Traslados e/ou a OPE.

Sen embargo, no caso de CIG-Saúde, ese acordo inicial transformouse en claro desacordo unha vez analizada a proposta concreta presentada polo SERGAS, na xuntanza da Comisión de Seguimento do 24/04/2007, de cales eran as prazas que a Administración propuña considerar como de “Alta Especialización”. Como xa fixemos público antes da xuntanza da Comisión de Seguimento que se celebrou o 21/05/2007, despois de debater a proposta concreta presentada polo SERGAS, así como a propia cerna do problema das “Prazas de FEAs de Alta Especialización”, CIG-Saúde decidíu rexeitar con carácter xeral a proposta do SERGAS de que existan ese tipo de prazas. Na opinión do noso sindicato, malia algunhas posíbeis excepcións, o que sobre todo latexa como fondo do problema das denominadas “prazas de alta especialización”, non é “a continuidade asistencial”, senón o poder de determinados xefes de servizo. En consecuencia, consideramos que o que ten que facer o SERGAS é pedir-lles aos Xefes de Servizo que cumpran coa súa responsabilidade e que, diante da posibilidade de que os interinos que teñen poidan deixar o servizo como consecuencia do Concurso de Traslados ou da

OPE, deben preparar e levar adiante “Planos de Continxencia” que permitan minimizar as consecuencias asistenciais e doutros tipos que esa situación poda orixinar.

★ Con eses antecedentes, tivo lugar á xuntanza da Comisión de Seguimento do 21/05/2007. Nesa xuntanza debía decidirse unha posición definitiva sobre o tema das “Prazas de Alta Especialización” pois, de como ficara o tema, ía depender algúns aspectos concretos da convocatoria do Concurso de Traslados e/ou da OPE. Entre os aspectos máis salientábeis do acontecido nesa xuntanza figuran os seguintes:

- O SERGAS informou de que, desde varios hospitais, lle chegaran novas solicitudes de prazas a considerar de “alta especialización”. Delas, Asistencia Sanitaria, xa desestimara algunhas e, de feito, so presentou á debate na Comisión de Seguimento a posíbel inclusión de dúas novas prazas: 1 no C.H. de Pontevedra (radioloxía intervencionista), e outra no Juan Canalejo d’A Coruña (pediatra con perfil de pneumoalergia).
- CIG-Saúde explicitou a súa posición globalmente contraria a existencia das prazas de “alta especialización”, deixou claro que o SERGAS non contaba co aval da CIG para a creación desas prazas e insistiu en que a súa existencia podía sentar un grave precedente para futuros Concursos de Traslados e OPEs. Ademais, pedímoslles aos demais sindicatos que se pronunciaran sobre si estaban, ou non, de acordo coa existencia mesma desas prazas de “alta especialización”. Só CSIF fixo un pronunciamento claro defendendo posicións similares ás de CIG, mentres os demais sindicatos presentes (CESM, CC.OO. e UGT) evitaron pronunciarse claramente. Pola súa banda o SERGAS manifestou a súa decisión de non aceptar as argumentacións de CIG, que xa coñecía ao ter sido feitas públicas na web da AgM-CIG; e, ademais, tentou quitarlle importancia ao problema insistindo en que o nº de prazas (menos de 30) que terían o tratamento especial de “Prazas de Alta Especialización” era moi pequeno con respecto ao total das prazas que se ían ofertar: 629 prazas no Concurso de Traslados (as 532 da OPE máis as 97 incorporadas aos orzamentos do 2007), e 532 na OPE
- O SERGAS informou que tiña a intención de sacar dúas convocatorias de Concurso de Traslado diferenciadas, unha específica para as “Prazas de Alta Especialización”, e outra para o resto das prazas. O profesional que queira optar a unha destas últimas prazas, deberá poder acreditar que ten o perfil concreto que se esixirá para cada unha desas prazas. As convocatorias sairán en DOG os próximos días.
- O SERGAS non aclarou que vai facer na OPE con esas prazas. Desde logo CIG-Saúde opóñese a que, no caso de que esas prazas non sexan cubertas no Concurso de Traslados

Específico, sexan ofertadas na OPE cuns requisitos especiais diferentes dos esixidos para poder optar ao resto das prazas.

- Entrouse logo no debate concreto de cada unha das 35 prazas en discusión (as 33 iniciais máis as 2 novas). O resultado global dese debate foi que, como “Prazas de Alta Especialización”, foron descartadas 6, foron aceptadas 25 (ver Táboa 1), e sobre outras 4 o SERGAS reservouse a decisión definitiva (1 de endocrino, 1 de psiquiatría, 1 de psicoloxía clínica, no CHUS e 1 de cirurxía xeral no CHOU). CIG-Saúde deixou perfectamente claro que non avalaba para nada a creación desas prazas.

TÁBOA 1.- Relación de “Prazas de Alta Especialización” que, malia a posición contraria de CIG-Saúde, serán convocadas con perfil nun Concurso de Traslados Específico.

	n	ESPECIALIDADE	PERFIL (experiencia en ...)
SANTIAGO n=4	2	Med. Nuclear	Manexo do PET
	1	Radiodiagnóstico	Radioloxía Intervencionista
	1	Dixestivo	EcoEndoscopia
PONTEVEDRA n=2	1	Cirurxía Xeral	Cirurxía bariátrica
	1	Radiodiagnóstico	Radioloxía Intervencionista
JUÁN CANALEJO n=7	2	Traumatoloxía	Traumatoloxía e ortopedia infantil
	2	Pediatría	1 de Cardioloxía infantil, en especial en cirurxía pediátrica e transplante cardíaco infantil. 1 de Pneumoalergia Infantil
	1	Neuroloxía	Patoloxía neurolóxica de nenos prematuros
	1	Microbioloxía	Xenética microbiolóxica sobre todo relacionada con resistencias antibióticas.
	1	Cirurxía Plástica	Unidade de queimados.
OURENSE n=3	1	Radioloxía	Radiólogo intervencionista.
	1	Xinecoloxía	Esterilidade e endocrinoloxía xinecolóxica, e consello reproductivo. (Unidade de Esterilidade)
	1	Oftalmoloxía	Transplante de cornea e membrana amniótica, e vitrectomía
VIGO n=9	1	Microbioloxía	Viroloxía molecular e viroloxía (laboratorio de referencia en caso de pandemia de Gripe Aviaria).
	1	Cirurxía Xeral	Coprotopoloxía e probas funcionais ano-rectais
	2	Análises Clínicas	Experiencia en técnicas de citoxenética
	2	Obstetricia e Xine	Técnicas de reprodución asistida (fecundación in vitro, ...)
	1	Radiodiagnóstico	Neuroradioloxía intervencionista
	1	Radiodiagnóstico	Radioloxía intervencionista vascular
	1	Dixestivo	Ecoendoscopia dixestiva

A estas 25 prazas é posíbel que se engadan algunha das 4 prazas sobre as que o SERGAS se reservou a decisión final.

21/05/2007